



**ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.**

**Nº DE SESIÓN: 14/2017**

**CARÁCTER: Ordinaria**

### **ANUNCIO**

Con data 22 de decembro de 2017, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

#### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO**

Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter ordinaria.

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o **día 28 de decembro ás 20:00 horas**, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

##### **A) Parte resolutiva:**

1º.- Aprobación, se procede, de borradores das actas das sesións anteriores ordinaria nº 12/2017, de 30 de novembro, e extraordinaria nº 13/2017, de 12 de decembro.

2º.- Expediente 928/2017. Ditame da comisión informativa de urbanismo, contratación, obras e servizos relativa a requirimento de documentación ao licitador que presentou oferta economicamente máis vantaxosa na contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, do Servizo de Limpeza Viaria do Concello de Tui. Contrato suxeito a regulación harmonizada

3º.- Dación de conta de escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais Alternativa Tudense, BNG e Grupo Mixto sobre membros das comisións informativas permanentes e proposta de Alcaldía de data 21/12/2017.

4º.- Proposta de Alcaldía de designación de representantes no Consello de Goberno da Radio-Televisión municipal de Tui.

5º.-Mocións de Urxencia.

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



## **B).- Actividade de control:**

6º.- Disposicións de interese.

7º.- Dación de conta das resolucións de Alcaldía dende a nº 2017-1366 de 23/10/2017 ata a nº 2017-1506 de 24/11/2017, así como dende a nº 2017-1507 de 27/11/2017 ata a nº 2017-1620 de 21/12/2017.

8º.- Posta en coñecemento de Resolución de Alcaldía de data 26/10/2017, relativa a Información custo efectivo dos servizos no Concello de Tui exercicio 2016.

9º.- Posta en coñecemento de informes trimestrais.Morosidade-Lei 15/2010. Periodo Medio de Pago. 3º trimestre 2017.

10º.- Posta en coñecemento de Informe Execución Trimestral 3º trimestre exercicio 2017.

## **C).- Rogos e preguntas:**

11º.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.**-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

**TERCEIRO.**-Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se publica para os efectos oportunos.

Tui, o alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente á marxe.